

BOLETÍN SINDICAL AGPTU. Nº 7

Informámosvos deseguido das cuestións sindicais máis relevantes acontecidas dende o boletín remitido en decembro:

1. Mesa de negociación.

Unha vez acordada a composición da Mesa de Negociación, levouse a cabo a presentación oficial da mesma. Asistiron por parte do equipo de goberno o Reitor, a Vicerreitora de Profesorado e o Vicexerente de Recursos Humanos, e por parte sindical representantes de UXT, CIG, CCOO e AGPTU. Tratouse dunha xuntanza de cortesía na que non foi tratado ningún punto en concreto, coincidindo todos os presentes na necesidade de darlle á mesa a importancia que merece coma canle de comunicación entre o equipo de goberno e a representación sindical.

2. Contencioso sobre as pagas extraordinarias.

Xa foi ditada sentenza sobre o contencioso presentado. O xuíz dá a razón á Universidade. A sentenza foi recorrida, polo que o conflito continuará por un tempo.

3. Pagas extraordinarias.

Relativo ás pagas extraordinarias do ano 2010, e como manifestamos en escrito remitido a todo o PDI, a nosa postura é a de esixirle ao Reitor o cumprimento da súa promesa electoral, levando este tema á mesa de negociación da que falamos no primeiro apartado.

4. Convocatorias da Xunta de PDI.

Neste período celebráronse dúas reunións da XPDI. Na primeira foi designado por unanimidade representante dos sindicatos no Consello de Goberno D. José Bienvenido Díez Ferrer (UXT), con voz pero sen voto. Na segunda tratouse de novo o tema das pagas extra, acordándose solicitar unha entrevista co Reitor para tratar este tema de xeito específico.

5. Estatuto PDI

Recentemente enviamos un escrito con reflexións xerais sobre este documento, que polo de agora é un borrador elaborado entre os sindicatos e o goberno central. A información que temos é que proximamente se incorporarán as reunións negociadoras representantes da CRUE e das comunidades autónomas coa intención de redactar un documento definitivo. De novo queremos insistir no que vos dixemos no escrito remitido: lede o documento e facédenos chegar calquera suxerencia para debatila e defendela se é o caso.

6. Eleccións sindicais.

O proceso electoral está en marcha e as eleccións serán o *día 11 de maio*. Toda a información oficial sobre este proceso, podedes atopala na Web da UVIGO.
http://persoal.uvigo.es/persoal_gl/PDI/Organos_de_representacion/elecciones.html

Xa se celebraron tres xuntanzas da Mesa Electoral.

- Na primeira, do 11 de Marzo, constituíronse as mesas coordinadoras para PDI-F e PDI-L Pontevedra e PDI-L Ourense, e aprobouse o calendario número de ubicación das mesas, e a publicación dos censos
- Na xuntanza do 31 de marzo, tratáronse as reclamacións e aprobouse o censo definitivo, fixouse o número de representantes a elixir (21 no sector ODI). E fixouse o prazo de presentación de candidaturas
- O 12 de Abril realizouse a proclamación das candidaturas provisionais

Dende a AGPTU queremos informarvos que temos presentado unha candidatura á xunta de PDI funcionario (23 persoas, dado que se permite presentar suplentes).

Gustaríanos contar coa vosa participación na elaboración do programa polo que vos adiantamos a composición da lista de cara a que vos dirixades a calquera dos integrantes para facerlle chegar as vosas ideas e suxerencias. Os nosos candidatos son os seguintes:

1. *Gloria Pena Uris (EE Industrial)*
2. *José Nicanor Alonso Alvarez (FC Económicas e Empresariais)*
3. *Pedro Pablo Gallego (Fac. Bioloxía)*
4. *María Vera Isasa (EE Telecomunicación)*
5. *Leandro Alejano Monge (ETSE Minas)*
6. *Natividad Calvo Ruibal (EE Telecomunicación)*
7. *Leandro Rodríguez Liñares (EE Informática, OU)*
8. *Julia Cristobal Ortega (ETSE Minas)*
9. *Concepción Pérez Lamela (F Ciencias, OU)*
10. *M.José Moure Rodríguez (EE Telecomunicación)*
11. *Adolfo Cordero (EE Forestal, PO)*
12. *Elena Sánchez Trigo (Fac. Filoloxía e Tradución)*
13. *Araceli Liste Fernández (Fac. Belas Artes, PO)*
14. *José María Martín Moreno (FC Económicas e Empresariais)*
15. *Emilio Rolán Álvarez (Fac. Bioloxía)*
16. *Ricardo A. Mosquera Castro (Fac. Química)*
17. *Pilar Molist García (Fac. Bioloxía)*
18. *Generosa Fernández Manín (EE Telecomunicación)*
19. *Elena Alonso Prieto (ETSE Minas)*
20. *Juan Pou Saracho (EE Industrial)*
21. *Mariano Lastra Valdor (CC del Mar)*
22. *Edita de Lorenzo Rodríguez (EE Telecomunicación)*
23. *Juan José Rodríguez Andina (EE Industrial)*

7. *Asamblea Xeral.*

Unha vez remate o proceso electoral temos intención de convocar unha Asamblea Xeral da AGPTU, na que se plantexarán entre outros os seguintes puntos:

- a) Actualización dos datos d@s soci@s.
- b) Campaña de captación de nov@s soci@s.

Naturalmente, tamén será tratado calquera tema que vos pareza axeitado, polo que se tedes algunha suxerencia non dubidedes en facérnola chegar.

Polo de agora isto é todo. Coma sempre, despedímonos lembrándovos que tedes á vosa disposición o noso enderezo electrónico agptu@uvigo.es para poñervos en contacto con nós sobre calquera asunto que vos interese.

Saúdos e ata a próxima,

AGPTU - VIGO